



## CONCELLO DA PONTENOVA

C.I.F. P-2704800 H – N.R.E.L. 01270484

# BANDO

O Concello da Pontenova informa que o Instituto Galego de Vivenda e Solo publicou a seguinte orde:

RESOLUCIÓN DO 31 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO VI501A).

### **OBXECTO DAS SUBVENCIONS:**

- Programa de axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **MODALIDADES DAS SUBVENCIONS:**

- **Modalidade A:** adquisición de vivendas situadas no ámbito dun centro histórico.
- **Modalidade B:** adquisición de vivendas cualificadas definitivamente como vivenda protexida de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado.

### **BENEFICIARIOS:**

As persoas físicas maiores de idade que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que lle sexa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán contar con autorización de estancia ou residencia en España.
  - Ter subscrito con posterioridade á data fixada na correspondente convocatoria un contrato privado ou, de ser o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivenda que cumpra os requisitos establecidos nestas bases. No caso da modalidade B, o contrato privado deberá estar visado pola área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou, de ser o caso, a escritura pública deberá conter as cláusulas obrigatorias derivadas da cualificación definitiva da vivenda.
  - c) Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude, para o caso de dispoñer dunha escritura pública formalizada con anterioridade á referida data. Non obstante, no caso da modalidade A, o requisito do empadramento só será exixible no momento da finalización das obras, para o suposto de que fose necesaria a súa rehabilitación.
  - Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a unidade de convivencia cumpran os seguintes requisitos:
    - No suposto da modalidade A, que os citados ingresos sexan iguais ou inferiores a 6,5 veces o IPREM.
    - Na modalidade B, ter cumprido o requisito de ingresos que exixa a normativa reguladora das vivendas protexidas vixente no momento da súa adquisición.
  - Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atopen ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma
  - Que nin a persoa solicitante nin as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estén incursoas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
  - Que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español.
- \*\* Cada modalidade ten os seus requisitos específicos engadidos.

**REQUISITOS:** Para poder acceder ás axudas é preciso que a vivenda xa estea construída no momento da presentación da solicitude. Para estes efectos, na modalidade A admitiranse tanto as vivendas novas





## CONCELLO DA PONTENOVA

C.I.F. P-2704800 H – N.R.E.L. 01270484

como as usadas, mentres que na modalidade B ten que tratarse dunha adquisición en primeira adxudicación ou transmisión.

**FORMA DE PRESENTACIÓN:** preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.xunta.gal> (código de procedemento VI501A).- Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**IMPORTE DAS AXUDAS:** A contía máxima da axuda determinarase en función da modalidade da axuda que se solicite e terá o límite do 20 % do prezo de adquisición da vivenda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición:

**a) No suposto da modalidade A, a contía máxima da axuda será a seguinte:**

- 1ª) Ata 12.800 euros por vivenda, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos.
- 2ª) Ata 10.800 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.
- 3ª) No suposto de vivendas situadas nun ámbito declarado Área Rexurbe, a contía da axuda será de 15.000 euros por vivenda.

**b) No suposto da modalidade B, a contía máxima da axuda será a seguinte:**

- 1º) No caso de vivendas situadas en municipios de prezo máximo superior, ata 20.000 euros por vivenda, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos, e ata 16.000 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.
- 2º) No caso de vivendas situadas nos restantes municipios de Galicia, ata 16.000 euros, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos, e ata 12.000 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.

2. No suposto de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa, o importe da axuda que poida recibir a persoa beneficiaria que adquira unha parte dela determinarase aplicando a porcentaxe de cota adquirida ao importe da axuda que lle correspondería, para o caso de ter adquirido o 100 % da vivenda.

**PRAZO DE SOLICITUDE:**

O prazo de presentación de solicitudes comezará unha vez transcorridos cinco días hábiles desde o seguinte ao da publicación da resolución no DOG. No suposto de que o primeiro día do prazo sexa inhábil, o prazo comezará o primeiro día hábil seguinte. O prazo rematará o 15 de outubro de 2026 e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario.-

Para máis información dirixirse a Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello ou chamar ao teléfono 982342277.-

A Pontenova, na data da sinatura dixital  
O Alcalde – Presidente  
Dario Campos Conde  
**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

